



BASES XERAIS E ESPECÍFICAS REGULADORAS DA CONVOCATORIA DE CONCURSO-OPOSICIÓN (CONCURSO MÉRITOS, TEST ESCRITO E PROBA ORAL) PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE DURACION DENDE A RESOLUCIÓN DO PROCESO SELECTIVO ATA FIN DA OPERATIVIDADE DA BRIGADA (ANUALIDADE 2023) E TRES MESES (ANUALIDADE 2024) A XORANDA COMPLETA DE 1 PEÓN DE BRIGADA E CREACIÓN DA BOLSA DE REVERSA. ANUALIDADES 2023-2024 AO ABEIRO DO o “Convenio Interadministrativo entre a Consellería do Medio Rural e a Entidade Local, Concello de Guntín para a realización de accións de prevención e defensa contra incendios forestais durante o ano 2023-2024 cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galicia 2014-2020”

Primeira: Obxecto da convocatoria e Normas xerais.

O obxecto das presentes bases é regular por unha banda a contratación laboral temporal de 1 peón de brigada de incendios para a prevención e defensa contra incendios forestais do Concello de Guntín, no marco do o “Convenio Interadministrativo entre a Consellería do Medio Rural e a Entidade Local, Concello de Guntín para a realización de accións de prevención e defensa contra incendios forestais durante os anos 2023-2024 cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galicia 2014-2020”

O ámbito de actuación será o municipal e intégranse no dispositivo de emerxencias do Distrito Forestal ao que pertence o municipio de Guntín. A actuación da brigada e do VMB priorizará a de extinción de incendios forestais respecto de outros traballos, segundo o disposto no artigo 47 da Lei 43/2003, de montes e no artigo 48.6 da Lei 3/2007, de prevención e defensa contra os incendios forestais. Así mesmo, cando concorran razóns extraordinarias de emerxencia, o órgano autonómico poderá decidir a mobilización destes medios fóra do termo municipal de Guntín, conforme ao previsto no PLADIGA no que expresamente se prevé como se producirá a coordinación en tales supostos.

Durante cada un dos meses de vixencia do contrato, os traballadores han de contar con plena dispoñibilidade, incluíndo traballos en domingos, festivos e festas locais, así como as quendas de noite necesarias.

Ao presente concurso-oposición será de aplicación o previsto na Lei 2/2015 do 29 de abril do Emprego público de Galicia, nos artigos 177 do Real Decreto Legislativo 781/1986, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local; artigos 91 y 103 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local; o Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado público, o Real Decreto 364/1995, de 10 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de Réxime Disciplinario dos funcionarios da Administración do Estado.

As bases íntegras, así como as sucesivas publicacións, terán lugar unicamente no taboleiro de anuncios do Concello de Guntín e na súa páxina web www.guntin.es.

Segunda: Funcións a desempeñar:

O peón de brigada que sexa seleccionado e contratado formará parte da brigada de cinco compoñentes (1 xefe de brigada, 1 peón condutor e 3 peóns)





CONCELLO DE GUNTÍN (LUGO)

Serán Funcións a desempeñar por o contratado/a as establecidas no Convenio de Colaboración subscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Guntín para a participación na Prevención e Defensa Contra Incendios Forestais mediante a actuación de **unha brigada de cinco compoñentes**.

Terceira: Modalidade e duración do contrato.

- A modalidade de contratación: por circunstancias da produción (vinculados ao convenio coa Consellería do Medio Rural da Xunta de Galicia que está cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do programa de Desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020. Anualidades 2023-2024.
- A xornada de traballo será de **40 horas semanais, de luns a domingo**. Os traballos a realizar son a **quendas, incluídos sábados, domingos e festivos**.
- Duración do contrato: **dende a resolución do proceso selectivo ata fin da operatividade da brigada (anualidade 2023). 3 meses (anualidade 2024)**
- Retribucións peóns : 1.260,00 € brutos ao mes, inclúe o rateo da paga extra.

As vacacións e o horario, que poderá ser partido en xornada de mañá, tarde e noite, e de luns a domingo, adaptaranse ás necesidades do servizo.

Cuarta: Requisitos dos aspirantes.

Para participar nas probas selectivas os aspirantes deberán reunir os requisitos que a continuación se indican, referidos todos e cada un deles á data de remate do prazo de presentación de solicitudes e deberán manterse durante todo o proceso selectivo:

- a) Ser español ou nacional dalgún dos estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún estado en que en virtude dos tratados internacionais realizados pola Unión Europea e ratificados por España sexa de aplicación a libre circulación de traballadores. Tamén poderá participar, calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais doutros estados membros da Unión Europea, e o dos nacionais dalgún estado en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España cando sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe sempre que non estean separados de dereito, sexan menores de vinte e un anos ou maiores da dita idade dependentes.
- b) Ter cumpridos os 18 anos de idade e non exceder e non exceder, se é o caso, a idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Non padecer enfermidade ou eiva física que impida o desenvolvemento das funcións propias do posto de traballo para o que se opta; A condición de discapacitado e a súa compatibilidade acreditarase coa oportuna certificación. Os aspirantes con discapacidade farán constar na súa instancia se precisan adaptación para as probas.
- d) Non ter sido separado, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera Administración Pública, nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas por sentenza firme.
- e) Estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións:





PEÓN: certificado de escolaridade, EXB, ESO ou equivalente. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán estar en posesión da credencial que acredite a súa homologación e ademais achegarse ao título a súa tradución xurada.

Quinta: Forma e prazo de presentación de solicitudes.

As solicitudes, requirindo tomar parte nas correspondentes probas de acceso nas que os aspirantes farán constar que reúnen as condicións esixidas nas presentes bases xerais para a praza que se opte, dirixiranse á Sra. Alcaldesa-Presidenta do Concello de Guntín, e presentaranse no rexistro de entrada deste Concello en horario de oficina ou ben mediante o procedemento que regula o artigo 16.4 da Lei 39/2015, no prazo de **2 días hábiles** contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no diario O Progreso de Lugo (presentación: os días 14 e 16 de agosto). O anuncio publicárase tamén no Taboleiro de Anuncios do Concello e na páxina web: www.guntin.es.

A solicitude deberá ir acompañada por:

- a) Solicitude de participación anexa a estas Bases. Anexo II
- b) Fotocopia de DNI.
- c) Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social.
- d) Titulación a cal da acceso á convocatoria e copia do carné de conducir que sexa necesario para o acceso á convocatoria. O carné de conducir non é requisito para os peóns da brigada.
- e) Certificado de celga 2, equivalente ou superior.
- f) Documentación xustificativa dos méritos alegados, incluíndo a vida laboral e copia dos contratos.
- g) Declaración formal, baixo xuramento, ou promesa, de non ter sido separado mediante expediente disciplinario, do servizo das Administracións Públicas, nin atoparse inhabilitado para o exercicio de funcións públicas e de non atoparse incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determinen a lexislación vixente.
- h) Declaración formal, baixo xuramento, ou promesa, de non padecer enfermidade nin defecto físico ou psíquico incompatible co normal desenrolo das súas funcións.

A compulsa da anterior documentación deberaa facer o aspirante que resulte seleccionado.

Os aspirantes quedan vinculados aos datos que fixeran constar nas súas solicitudes, podendo demandar unicamente a súa modificación, mediante escrito motivado dentro do prazo de presentación de instancias de solicitude, establecido nas presentes bases.

Sexta: Admisión de candidatos.





CONCELLO DE GUNTÍN (LUGO)

Rematado o prazo de presentación de instancias, a Presidencia da Corporación, ditará resolución na que se aprobará a lista provisional de admitidos/as e excluídos/as que se publicará no Taboleiro de Edictos do Concello e na páxina web www.guntin.es, e concederá un prazo de un **(1) día hábil** para os efectos de reclamacións ou emendas de erros.

No caso de non haber excluídos, a lista provisional elevarase a definitiva automaticamente.

As reclamacións, se as houber, serán resoltas na resolución pola que se aprobe a lista definitiva que se publicará do mesmo xeito que a provisional. Nesta mesma resolución figurará a composición do tribunal, o lugar e data da celebración das probas selectivas.

No caso de que por circunstancias excepcionais houber que modificar lugar, data ou hora da valoración de méritos ou das probas, publicarase no Taboleiro de Edictos do Concello e na súa páxina web: www.guntin.es.

Sétima: Tribunal Cualificador.

De acordo co establecido no artigo 59 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, en relación co artigo 60 do Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, os órganos de selección serán colexiados e a súa composición deberá axustarse aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, e de paridade entre mulleres e homes no conxunto das convocatorias da oferta de emprego público respectiva.

En ningún caso poden formar parte dos órganos de selección o persoal de elección ou de designación política, persoal funcionario interino ou laboral temporal, o persoal eventual, nin as persoas que nos sete anos anteriores á publicación da convocatoria realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou colaborasen durante ese período con centros de preparación de opositores.

A pertenza aos órganos de selección será sempre a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ningún.

Os Tribunais Cualificadores estarán constituídos por:

- Presidente.
- Secretario.
- Vogais que determine a convocatoria.

A abstención e recusación dos membros do Tribunal será de conformidade co artigo 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Oitava. Desenrolo do Proceso selectivo.

Os aspirantes serán convocados para cada exercicio en chamamento único, sendo excluídos do concurso-oposición aqueles que non comparezan a realizalo a hora fixada, salvo causa de forza maior debidamente acreditada e libremente apreciada polo Tribunal.

En calquera momento o Tribunal poderá requirir aos opositores para que acrediten a súa personalidade.





CONCELLO DE GUNTÍN (LUGO)

Os candidatos deberán acudir provistos do DNI ou, no seu defecto, pasaporte ou carné de conducir.

Se en calquera momento do proceso de selección chegara a coñecemento do Tribunal que algún dos aspirantes non posúe a totalidade dos requisitos esixidos na presente convocatoria, previa audiencia do interesado, deberá propoñer a súa exclusión ao Presidente da Corporación, indicando as inexactitudes formuladas polo aspirante na solicitude de admisión a esta oposición libre, aos efectos procedentes.

Novena: Procedemento e criterios de selección.

En atención ao carácter temporal da relación, a selección efectuarase mediante CONCURSO-OPOSICIÓN (CONCURSO MÉRITOS, TEST ESCRITO E PROBA ORAL).

FASE DE CONCURSO

1.1. VALORACIÓN DE MÉRITOS (8 puntos)

A selección por concurso de méritos farase de conformidade cos seguintes criterios e valoración dos mesmos:

I. Por experiencia profesional: traballos realizados no mesmo posto e categoría. (MÁXIMO 4 puntos)

- a) Por ter desempeñado na Administración Pública o mesmo posto de traballo ó que aspira ou calquera outro relacionado coa prevención e extinción de incendios: 1 puntos/mes.
- b) Por ter desempeñado o mesmo posto de traballo ó que aspira ou calquera outro relacionado coa prevención e extinción de incendios na empresa privada: 0'50 puntos/mes.

En caso de contratación a tempo parcial valoraranse os servizos prestados de forma proporcional.

A acreditación dos servizos prestados efectuarase mediante certificación expedida polo Secretario do Concello ou Entidade Pública onde se teñan prestado os servizos; para a empresa privada certificado de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral de Seguridade Social acompañado do certificado de empresa no que conste a categoría na que se teñen prestado os servizos e/ou contrato de traballo. A non presentación de ámbolos documentos (vida laboral + certificado de empresa e/ou contrato de traballo) suporá a non valoración do mérito alegado. **Non se valorarán as relacións laborais onde só se acredite a condición de peón. Deberá quedar suficientemente acreditado que se trata de campañas de prevención, vixilancia e loita contra incendios.**

Non se terán en conta os servizos prestados como autónomo.

II. Formación previa. cursos relacionados coa actividade e tarefas do posto de traballo a desenvolver impartidos por unha administración ou entidade pública ou homologadas por elas (neste último caso deberá constar expresamente no título tal homologación para que poidan ser valorados). Só se valorarán os cursos relacionados con prevención e extinción de incendios, manexo de vehículos e maquinaria (ámbolos dous en materia de prevención e extinción de





CONCELLO DE GUNTÍN (LUGO)

incendios) e prevención de riscos laborais xenéricos ou relacionados directamente co sector obxecto da convocatoria. (Ata un máximo de 2 **puntos**).

Con duración de ata 30 horas..... 0'10 puntos cada un.

Con duración de 31 a 100 horas..... 0'20 puntos cada un.

Con duración superior a 100 horas...0,50 puntos cada un.

A formación dos traballadores acreditarase mediante a presentación de copia dos certificados acreditativos de ter realizada a acción formativa, na que conste o número de horas de formación realizada.

Os cursos onde non figuren expresamente o número de horas, valoraranse con 0,05 puntos por curso.

III. Por estar en posesión do carné de conducir C ou BTP:.....1,00 punto.

Acreditarase mediante copia autenticada do permiso en vigor.

IV. Por estar en posesión do CELGA 3 ou CELGA 4:1,00 punto.

Non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles méritos que non queden acreditados en tódolos seus extremos no momento de presentación de instancias. Asemade, non se terán en conta aqueles méritos alegados e aportados con posterioridade ó remate do prazo de presentación de instancias.

2. FASE DE OPOSICIÓN 25 PUNTOS

Consistirá na realización de dous exercicios que puntuarán como máximo 20 **puntos**, sendo cada un deles obrigatorio e eliminatorio. Ademais os candidatos que non acrediten estar en posesión do Celga 2, equivalente ou superior deberán superar unha proba de galego.

O Primeiro exercicio consistirá en contestar por escrito a un exame tipo test de 20 preguntas e varias opcións de resposta onde soamente unha é válida. Cada resposta correcta outorga 1 punto, sendo necesario acadar unha **puntuación mínima de 6,00 puntos** para superar a proba. As respostas en branco ou mal contestadas non restan sobre a puntuación total. **Puntuará como máximo 20 puntos.**

As preguntas versarán sobre os temas que se expoñen no Anexo I peón de brigada das presentes Bases.

O Segundo exercicio consistirá en contestar de forma oral un ou varios exercicios prácticos e /ou teórico prácticos propostos polo tribunal. Valorarase a concreción, exactitude e a validez de resolución. O tribunal poderá dialogar e razoar co aspirante analizando o contido das súas respostas e relacionado dito contido con outros incluídos dentro do programa. Sendo necesario acadar unha **puntuación mínima de 2,00 puntos para superar a proba. Puntuará como máximo 5 puntos.**

As preguntas versarán sobre os temas que se expoñen no Anexo I para peón brigada das presentes Bases.

Proba de galego:





CONCELLO DE GUNTÍN (LUGO)

Será obrigatorio a superación da proba de galego para aqueles candidatos que non teñan acreditado xunto coa instancia de solicitude estar en posesión do certificado de **Celga 2**, equivalente ou superior.

Quedarán exentos da realización deste exercicio os aspirantes que coa instancia de solicitude presenten o certificado de Celga 2, equivalente ou superior, debidamente homologado polo órgano competente na materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de conformidade co artigo 35 do Decreto legislativo 1/2008 do 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da Función Pública de Galicia, modificado pola Lei 2/2009, do 23 de xuño.

Coa finalidade de cumprir co previsto no artigo 35 do Decreto legislativo 1/2008, de 13 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei da función pública de Galicia, este exercicio consistirá na tradución, sen dicionario, dun texto de castelán ao galego e/ou de galego a castelán, nun tempo máximo de 30 minutos, ou a realización do segundo exercicio en galego (a elección do tribunal)

Este exercicio valorarase como apto ou non apto, sendo necesario para superalo obter o resultado de apto, correspondéndolle ao tribunal determinar o nivel de coñecementos esixido para acadar o resultado de **apto**.

3. PROBA DE APTITUDE FÍSICA

Exercicio: proba de aptitude física (carácter eliminatorio):

O **persoal seleccionado, previamente á súa contratación**, deberá realizar un recoñecemento médico e unha proba física de esforzo para garantir a súas condicións de saúde para o traballo a realizar, de conformidade co establecido no convenio de colaboración suscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de GUNTÍN para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais mediante a actuación de brigadas de prevención e defensa. **É obrigatorio superar tanto o recoñecemento médico como a proba de esforzo físico.**

Tamén se terá que realizar un Curso teórico-práctico de 16 horas de formación sobre prevención e defensa contra incendios forestais, que é obrigatorio realizar cada ano.

Décima. Cualificación

A fase de concurso ten unha puntuación máxima de 8 puntos

A fase de oposición ten unha puntuación máxima de 25 puntos (20 o 1º exercicio e 5 a proba práctica), sendo necesario obter un 6 e 2 respectivamente para superalos.

A cualificación final está composta pola puntuación acadada na fase de concurso máis a puntuación acadada polos aspirantes que superan a fase de oposición (aqueles que obteñan un 8 ou máis de 8).

Os candidatos que non superen a fase de oposición resultarán directamente Non Aptos.

No caso de empate:

Realizarase unha entrevista persoal curricular.





Décima primeira. Relación de aprobados, presentación de documentos e formalización do contrato

Concluídas as probas, elevarase ao órgano competente proposta de candidatos para a formalización dos contratos, que en ningún caso poderá exceder do número de prazas convocadas. Calquera proposta de aprobados que contraveña o anteriormente establecido será nula de pleno dereito.

O órgano competente procederá á formalización dos contratos previa xustificación das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria.

Décima segunda: Bolsa de reserva.

As persoas que non consigan praza pasarán a formar parte dunha bolsa de traballo, de tal maneira que, cando o concello necesite algún/ha traballador/a destas características para o mesmo servizo e posto obxecto da presente convocatoria, para cubrir postos que queden vacantes, entón acudirán a dita bolsa, seleccionando ó/á primeiro/a deles/as e soamente poderá seleccionarse ó/á seguinte a este/a, sempre e cando aquel/a rexeitase o posto ou non cumpra nese intre cos requisitos do punto dous destas bases; o que suporá pasar ó final da lista salvo que se dean as circunstancias de estar xa traballando ou enfermo/a, o que deberá xustificarse mediante a documentación necesaria. A duración desta bolsa será solo por tres meses contados dende o día de inicio dos traballos dos integrantes da Brigada para dar cumprimento o Convenio sinalado na cláusula primeira, e nas anualidades 2023 e 2024

Décima segunda. Incidencias

As presentes bases e convocatoria poderán ser impugnadas de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Así mesmo, a xurisdición competente para resolver as controversias en relación cos efectos e resolución do contrato laboral será a xurisdición social.

Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, poderase interpor polo interesados recurso de reposición no prazo dun mes ante a Alcaldía, previo ao contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o xulgado do contencioso-administrativo de Lugo, a partires do día seguinte ao da publicación do anuncio da Convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

Publíquese esta convocatoria de probas selectivas e a remisión ás súas correspondentes bases no Taboleiro de Anuncios do Concello de Guntín e na páxina web www.guntin.es

No non previsto nas bases será de aplicación a Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local; o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado polo Real decreto legislativo 781/1986, de 18 de abril; e no Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado por Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, así como as normas aplicables ao persoal laboral contidas no Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, do emprego público de Galicia.

Décima Terceira. Protección de datos





CONCELLO DE GUNTIN (LUGO)

En cumprimento da obrigaón prevista polo artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do 27 de abril, relativo á proteccón das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación deses datos, en diante, Regulamento Europeo de Proteccón de Datos, informámoslle de que os datos que nos facilita pasarán a formar parte dun rexistro de tratamento xestionado polo seguinte responsable:

1.- DATOS DO RESPONSABLE

Identidade do responsable do tratamento:

CONCELLO DE GUNTIN, provisto de CIF P2702300A
Domicilio en Crta. General nº 12, 27211 Guntín, Lugo
Teléfono: [982 32.00.01](tel:982320001)
Correo electrónico: rexistroguntin@gmail.com

2.- DATOS OBXECTO DE TRATAMENTO

Os datos obxecto de tratamento son os seguintes:

- Nome e apelidos, NIF, domicilio, teléfono e enderezo electrónico
- Datos académicos
- Datos profesionais de experiencia laboral

3.- FINALIDADE DO TRATAMENTO

A recollida e tratamento dos Datos Persoais que vostede nos facilita realizarase exclusivamente coa finalidade de que poida participar no proceso de selección de persoal en curso no que vostede participa voluntariamente. Publicación de admisión de candidaturas e publicación de resultados do proceso de selección de persoal.

Os datos serán conservados exclusivamente durante o tempo que dure o presente proceso de selección.

4.- LEXITIMACIÓN

Base Xurídica do tratamento

En cumprimento do establecido polo artigo 13 do Regulamento Europeo de Proteccón de Datos infórmaselle que a base xurídica para o presente tratamento é o consentimento que vostede nos facilita coa entrega dos seus datos así como a necesidade de dispoñer deles para poder ter en conta a súa candidatura nos procesos de selección de persoal que se desenvolvan polo Concello de Guntín. Vostede poderá exercer en todo momento o dereito para revogar o consentimento que agora outorga para este tratamento, pero informámoslle que dita revogación supoñerá automaticamente a exclusión da nosa listaxe de candidatos e, en consecuencia, a imposibilidade de que a súa candidatura sexa tomada en conta nos nosos procesos de selección de persoal.

5.- DESTINATARIOS

No se cederán datos a terceiros, salvo obrigaón legal.





6.- DEREITOS

En virtude do disposto nos artigos 15 a 22 do Regulamento Europeo de Protección de Datos, en calquera momento vostede poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, limitación do tratamento, portabilidade, oposición e a non ser obxecto de decisións individualizadas automatizadas, incluídas a elaboración de perfís, dirixíndose por escrito a través do correo ordinario ao Concello de Taboada ou por correo electrónico a rexistroguntin@gmail.com

Igualmente vostede ten dereito a retirar en calquera momento o consentimento prestado previamente para o tratamento dos seus datos persoais. Por último, informámoslle que vostede ten tamén dereito a expor a correspondente reclamación ante a autoridade de control competente en materia de protección de datos, se considera que vulneramos algún dos dereitos que o Regulamento de Protección de Datos ou a súa norma de desenvolvemento recoñecenlle.

En Guntín na data da sinatura electrónica

A Alcaldesa,
María José Gómez Rodríguez





ANEXO I

Temario peóns Brigada

Tema 1.- Breve idea da Constitución Española de 1978. Estrutura. Principios Xerais. Dereitos e Deberes Fundamentais.

Tema 2.- Organización Municipal: Alcalde, Pleno e Xunta de Goberno Local.

Tema 3.- O marco da transparencia na administración local.

Tema 4.- Conceptos fundamentais da administración electrónica.

Tema 5.- O municipio de Guntín. Termo municipal. Poboación. Datos de interese do Municipio. Distribución xeográfica e parroquial, oreografía, infraestruturas.

Tema 6.- Materiais, útiles e ferramentas utilizadas tanto na prevención como na defensa contra incendios forestais.

Tema 7.- Disposicións mínimas xerais de seguridade e saúde aplicable na prevención e defensa contra incendios forestais. Equipos de protección individual.

Tema 8.-Traballo en Incendios Forestais.

Tema 9.- Funcións do peón na prevención e defensa contra incendios forestais.

Tema 10.- Plan de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia (PLADIGA)





ANEXO II

I.- DATOS DA PRAZA Á QUE ME PRESENTO:

- **DENOMINACIÓN:**
- **RÉGIME XURÍDICO:** PERSOAL LABORAL TEMPORAL

II.- DATOS PERSOAIS:

| | | |
|---------------------------------------|------------------|--------------|
| PRIMEIRO APELIDO: | SEGUNDO APELIDO: | NOME: |
| DNI.: | TELÉFONO FIXO: | MÓBIL: |
| DOMICILIO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓNS: | MUNICIPIO: | CÓD. POSTAL: |
| | PROVINCIA: | |

III.- MANIFESTO: que son coñecedor da convocatoria para cubrir de maneira temporal a praza de

IV.- DECLARO: Que acepto as bases e que son certos os datos consignados na presente instancia de solicitude e que reúno todos e cada un dos requisitos esixidos na convocatoria.

V.- SOLICITO:

Teña por presentada a presente instancia de solicitude dentro do prazo conferido ao efecto, sexa admitido fin de participar no proceso selectivo de concurso- oposición para a provisión de ditos postos, para o que presento e asino a presente solicitude.

Guntín, de de 2023.

(Asinado)

Xúntanse os seguintes documentos:

-
-
-

SRA ALCALDESA PRESIDENTA DO CONCELLO DE GUNTÍN





DECLARACIÓN

D _____ con DNI _____
Con domicilio a efectos de notificación en _____

DECLARO FORMALMENTE

1.- Non ter sido separado mediante expediente disciplinario, do servizo das Administracións Públicas, nin atoparme inhabilitado para o exercicio de funcións públicas, nin incurso en ningunha das causas de incapacidade ou incompatibilidade que determina a lexislación vixente.

2.- Non padecer enfermidade nin defecto físico ou psíquico incompatible co formal desenvolvemento das súas funcións.

Guntín, ----- de ----- do 2023

Asdo.: _____

